

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 16 DE XUÑO DE 2016,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Catedral de Santiago para a execución da obra de rehabilitación de espazos na primeira planta do Centro Internacional de Acollida ao Peregrino para a instalación de dependencias de apoio ao centro e da Cátedra do Camiño de Santiago e a Peregrinación por importe de trescentos vinte e tres mil catrocentos trinta e cinco euros con corenta céntimos (323.435,40€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Universidade de Vigo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o impulso, difusión e mellora da transparencia na administración local de Galicia, por importe de corenta mil euros (40.000,00€).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Laracha para a execución da actuación de "Ampliación e mellora da EDAR da Laracha. Concello da Laracha (A Coruña)", cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, por un importe de dous millóns de euros (2.000.000,00€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Riós para a execución da actuación da “Captación e acometida de auga ao depósito de vendas da Barreira. Concello de Riós (Ourense)”, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, por un importe de trescentos corenta e oito mil douscentos noventa e nove euros con oitenta e un céntimos (348.299,81€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Bande para a execución da actuación de “Mellora do abastecemento de Corvelle. Concello de Bande (Ourense)”, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, por un importe de cen mil euros (100.000,00 €).

#### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da Resolución pola que se acorda realizar unha oferta pública de adquisición dos terreos mediante compra para o desenvolvemento das etapas 3ª (fase B), 4ª, 5ª e 6ª do solo residencial de San Paio de Navia.

#### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza de conformidade co disposto no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a realización de pagamentos anticipados por importe do 100% da subvención concedida para cada anualidade para os organismos de investigación que resulten beneficiarios das axudas convocadas no programa Industrias do Futuro 4.0 orientado a proxectos de investigación industrial e desenvolvemento experimental estratéxicos centrados en tecnoloxías industriais innovadoras, que se procede a convocar no ano 2016, por importe de sesenta millóns de euros (60.000.000,00€).
- Acordo polo que se aproba o Plan de mercados excelentes.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Oroso para a xestión do servizo de comedor escolar no CEIP do Camiño Inglés en Sigüeiro, polo importe máximo de cincuenta e tres mil cen euros (53.100,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Manzaneda para a xestión do servizo de comedor escolar no CEIP de Manzaneda, polo importe máximo de vinte e tres mil dez euros (23.010,00€).

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas a confederacións, federacións e ás entidades de iniciativa social, non asociadas nin federadas, sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de asesoramento e formación de persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017. Total: un millón quince mil cento cincuenta e oito euros (1.015.158,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia no proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros e inclusión e emerxencia social e de programas para desenvolver polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2016/17, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014/2020. Importe total: cinco millóns cento trinta e tres mil trescentos vinte e cinco euros (5.133.325,00 €).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a concesión de axudas ás empresas DAIRYLAC, S.L., PROLÁCTEA, S.A.U. e EOLIMIA, S.L.U.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para a prevención de incendios forestais de Galicia durante a campaña 2016, por importe de cincocentos sesenta e nove mil cincuenta e sete euros con vinte e nove céntimos (569.057,29€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura de convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e varias entidades locais de Galicia para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciados parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por importe total de trinta e dous millóns oitocentos vinte e cinco mil oitocentos doce euros con corenta e sete céntimos (32.825.812,47 €).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe do Programa galego para a detección precoz do cancro de mama. Avaliación 1992 – 2015 e informe de resultados 2015.
- Informe sobre o incremento de vehículos e de horas de actividade da Rede de Transporte Sanitario Urxente Terrestre de Galicia (RTSUT).

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre as axudas a investimentos na transformación e comercialización de produtos agrarios da convocatoria 2016.

## **TURISMO DE GALICIA ACHEGA MÁIS DE 320.000 EUROS PARA A MELLORA DO CENTRO INTERNACIONAL DE ACOLLIDA AO PEREGRINO**

- *Con esta actuación, a Xunta de Galicia leva investidos máis de 1,8 millóns de euros na posta en marcha desta referencia internacional xacobeá*
- *Turismo de Galicia continúa, así, apostando pola mellora das infraestruturas de atención aos miles de peregrinos que cada ano realizan o Camiño de Santiago*
- *No que vai de ano chegaron xa a Compostela preto de 80.000 peregrinos, o que supón un incremento de máis do 7%*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración polo que Turismo de Galicia achegará 323.435,40 euros á Fundación Catedral de Santiago para a execución dunha obra de rehabilitación de espazos na primeira planta do Centro Internacional de Acollida ao Peregrino.

O obxectivo do proxecto é dotar o Centro dunha zona administrativa de apoio á biblioteca, dun espazo de atención ás Asociación de Amigos do Camiño de Santiago e dunha area que permitirá o funcionamento administrativo e académico da Cátedra que a Universidade de Santiago e outras entidades proxectan crear arredor do Camiño de Santiago e a peregrinación.

A vixencia do convenio, a través do cal Turismo de Galicia subvencionará o 100% dos traballos que se vaian realizar, esténdese ata novembro deste ano, polo que a previsión é ter executadas as melloras para esa data.

### **Centro Internacional de Acollida ao Peregrino**

A finais de outubro de 2015 inaugurouse en Santiago de Compostela o novo Centro Internacional de Acollida ao Peregrino, situado no edificio do antigo asilo de anciáns da rúa Carretas, do século XVIII. As obras de rehabilitación do inmobile tiveron unha achega de máis de 1,5 millóns de euros da Xunta de Galicia grazas a un acordo entre Turismo de Galicia e a Fundación Catedral.

O obxectivo das actuacións acometidas e previstas é concentrar neste edificio, a poucos metros da praza do Obradoiro, meta do Camiño, todos os servizos de atención aos peregrinos. Actualmente, grazas á actuación posta en servizo, o edificio alberga a sede da Oficina do Peregrino do Cabido da Catedral de Santiago, onde se obtén a Compostela, a oficina de información turística sobre o Camiño de Santiago e sobre a Comunidade, a Biblioteca de Estudos Xacobeos e varios espazos que albergan servizos relacionados coa cultura xacobeá e coa peregrinación.

Co novo convenio continúa-se apostando pola mellora das infraestruturas de atención aos miles de peregrinos que cada ano realizan o Camiño de Santiago.

### **Incremento de peregrinos**

No pasado ano 2015 recolleron a súa Compostela un total de 262.515 peregrinos, o que supuxo un máximo histórico nun ano non Santo e un incremento do 10,31% en relación aos peregrinos rexistrados no ano 2014.

Os peregrinos estranxeiros supuxeron o 53,38% do total contabilizándose 178 países de orixe distintos.

Neste ano, estas cifras van en aumento e no que vai de ano xa chegaron a Compostela preto de 80.000 peregrinos, o que supón un incremento de máis do 7%.

## **XUNTA, UNIVERSIDADE DE VIGO E FEGAMP COLABORAN PARA MELLORAR A TRANSPARENCIA NA ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA**

- *A plataforma [www.eidolocal.gal](http://www.eidolocal.gal), facilita a todos os concellos galegos a aplicación das obrigas en materia de transparencia recollidas na lexislación estatal*
- *Ademais facilita á cidadanía unha ferramenta de consulta da información relativa á actividade da Administración local*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura do convenio entre a Vicepresidencia da Xunta, a Universidade de Vigo e a Fegamp para o impulso, difusión e mellora da transparencia na Administración local de Galicia, para continuar co apoio que está a prestar aos concellos para o mellor cumprimento das súas obrigas nesta materia.

No ano 2013, entrou en vigor a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que se sustenta en tres piares fundamentais, ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigacións de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten, entre as súas finalidades, servir de apoio e axuda aos concellos galegos para acadar o grao de transparencia establecido pola actual normativa, habilitando para estes efectos unha plataforma web coa que ademais se facilita á cidadanía unha ferramenta de consulta da información relativa á actividade da Administración local, que é a plataforma onde os municipios que así o desexen poden usala para facer pública a información ben directamente, ou ben enlazando con outras plataformas que xa tiveran en marcha.

Esta plataforma web facilita a todos os concellos galegos a aplicación das obrigas en materia de transparencia recollidas na lexislación estatal e ofrece á cidadanía unha ferramenta de consulta da información relativa á actividade da Administración local. Este espazo posibilita ademais ampliar a transparencia da actividade pública, aglutinando determinado tipo de información actualizada referida á actividade desta, facilitando así a súa consulta dunha forma clara, estruturada, entendible e de fácil acceso.

A Universidade de Vigo está a colaborar cos concellos a través da posta en marcha de distintas actuacións destinadas a fomentar e a favorecer o grao de cumprimento das novas obrigas en materia de transparencia, especialmente naqueles concellos que carecen de medios suficientes para facer fronte a estes novos retos.

Mediante este convenio, a Universidade colabora no mellor desenvolvemento do espazo web de transparencia local a través de propostas para abordar a súa actualización e facilitar o seu uso aos concellos, tendo en conta as peculiaridades da planta local galega, tanto organizativas como de funcionamento. Ademais de potenciar e contribuír a un cambio de cultura no eido local polo exercicio de transparencia a través da elaboración de manuais, guías e outros instrumentos que fomenten a capacitación, a cultura e os valores propios da transparencia nos concellos por ser a administración máis próxima á cidadanía.

Ademais, na mesma liña, a Universidade de Vigo ten levado a cabo numerosas investigacións, publicacións e xornadas formativas en materia de transparencia local que están a ser de grande utilidade para facilitar a implantación e o desenvolvemento da Lei estatal nas entidades locais galegas, e conta cun grupo de expertos de grande experiencia e un importante coñecemento do escenario local en xeral e galego en particular. Trátase do grupo de investigación GEN que desenvolve a "Red Localis", Rede local de Administración pública de Galicia e que está integrado por expertos recoñecidos en materia de transparencia local, tanto do ámbito universitario como profesionais en exercicio do ámbito local.

Por último, a Federación Galega de Municipios e Provincias será a encargada de publicitar e difundir a existencia do convenio entre os concellos galegos, así como a poñer á disposición destes os instrumentos e ferramentas elaboradas pola Universidade de Vigo.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e a súa duración será ata o 30 de decembro de 2017, cun orzamento de 40.000 euros.



## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA TRES CONVENIOS EN MATERIA DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO POR VALOR DUNS 2,5 MILLÓNS**

- *En concreto, aprobou o proxecto para a ampliación e mellora da EDAR da Laracha, cun orzamento de 2 millóns de euros*
- *Tamén se deu luz verde a un investimento de 100.000 euros para mellorar o abastecemento en Bande; e a outros 350.000 euros para a captación e acometida de auga en Riós*

O Consello da Xunta autorizou hoxe tres convenios de colaboración en materia de saneamento e abastecemento cuxo valor global ascende a preto de 2,5 millóns de euros. En concreto, os acordos aprobados refírense aos concellos da Laracha, Bande e Riós.

A maior contía, un total de 2 millóns de euros, corresponde ao acordo polo cal se ampliará e mellorará a EDAR da Laracha. O obxectivo é incrementar a súa capacidade de tratamento xa que a actual pode ser, nalgúns momentos, escasa. Deste xeito, esta instalación contará cunha capacidade para 7.650 habitantes equivalentes.

Xa en materia de abastecemento, o Goberno galego aprobou dous convenios. O primeiro deles ten como finalidade mellorar o abastecemento na parroquia de Corvelle, no concello de Bande. O investimento ascenderá a 100.000 euros, e os traballos buscarán incrementar e mellorar a garantía de subministración de auga neste núcleo, acometendo os traballos necesarios de captación, regulación e transporte de auga.

O terceiro dos convenios autorizados hoxe ten como obxecto mellorar o abastecemento en Vendas da Barreira, en Riós. O sistema actual presenta uns elevados custos de funcionamento, polo que esta actuación proporcionará unha mellor alternativa. Estímase un orzamento de preto de 350.000 euros para executar estes traballos.

Este tipo de colaboracións garanten a subministración de auga en calidade e cantidade á cidadanía e dan cumprimento á Directiva Marco da Auga; colabórase coas entidades locais para mellorar a rede de abastecemento secundaria; e garántese o abastecemento e regulación dos recursos hídricos en calidade e cantidade coa realización das obras de infraestrutura necesaria, velando, así mesmo, polo seu consumo responsable e fomentado o seu aforro.

## O CONSELLO DA XUNTA ACORDA DESTINAR 8 MILLÓNS DE EUROS Á COMPRA DE SOLO EN SAN PAIO DE NAVIA NUN NOVO PASO DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE 1.600 VIVENDAS PROTEXIDAS EN VIGO

- *O Goberno galego aproba as condicións do concurso público de adquisición de terreos afectados por esta promoción, que proximamente publicará o Diario Oficial de Galicia*
- *A oferta aos propietarios consistirá aboar 126 euros por metro cadrado*
- *A Xunta presentou a semana pasada ante o Concello de Vigo a documentación necesaria para desbloquear esta iniciativa mediante unha modificación do Plan parcial que debe permitir elevar en case 1.000 o número de vivendas protexidas que se van construír*
- *Agárdase que estas dúas medidas fagan posible iniciar o vindeiro ano a urbanización do ámbito e a construción das primeiras vivendas sociais*
- *A Xunta impulsa en San Paio de Navia o maior proxecto en marcha en Galicia para a construción de vivendas protexidas, que poderá materializarse pese ás limitacións urbanísticas derivadas da anulación do PXOM de Vigo*

O Consello da Xunta acordou hoxe destinar un total de 8 millóns de euros á adquisición de solo en San Paio de Navia, nun novo paso no impulso do proxecto de construción de 1.600 vivendas protexidas en Vigo. O Goberno galego aprobou hoxe as condicións do concurso de compra dos terreos afectados por esta promoción, que proximamente fará público o *Diario Oficial de Galicia*.

Na oferta pública de adquisición os terreos valóranse a 126 euros o metro cadrado, ao que haberá que sumar o valor dos elementos existentes nos predios, como construcións, peches, arborado, etc. Con esta oferta, o Goberno galego respecta o prezo fixado na resolución expropiatoria emitida pola Xunta no ano 2008 e que non chegou a materializarse a causa das complicacións urbanísticas e das dificultades económicas.

No caso de que as propostas de venda presentadas polos propietarios do solo superen os oito millóns de euros previstos, a contía destinada á adquisición de solo poderá ser incrementada. Os terreos que non se poidan adquirir por compravenda serán adquiridos posteriormente a través de permuta por edificabilidade cos propietarios ou a través de expropiacións.

O desenvolvemento das últimas fases de San Paio de Navia fai necesaria a modificación do seu plan parcial co obxectivo de aproveitar íntegramente a edificabilidade deste e incrementar en preto de 1.000 as vivendas previstas inicialmente. Con tal obxectivo o pasado 5 de xuño a Xunta presentou no Concello de

Vigo a documentación necesaria para a dita modificación e desbloquear a construción das 1.600 vivendas protexidas en Vigo.

En total prevese que a superficie construída de vivenda protexida se sitúe nos 189.000 metros cadrados, distribuída entre 165 vivendas unifamiliares e 1.430 vivendas distribuídas en bloques de edificación residencial.

A modificación do Plan Parcial tamén prevé o incremento substancial no número de prazas de aparcadoiro público, xa que se proxectan 1.230 prazas nas fases por desenvolver e 629 en terreos das fases xa urbanizadas, o que supón a execución de 1.859 novas prazas en San Paio de Navia.

Unha vez impulsada a adaptación urbanística, que debe tramitar o Concello de Vigo nos vindeiros meses, e autorizada a compra de solo, a Xunta prevé que o vindeiro ano sexa posible iniciar as obras de urbanización do primeiro dos polígonos nos que se divide a ampliación de San Paio de Navia e, de forma simultánea, dar comezo á construción das vivendas protexidas.

Deste xeito, a Xunta impulsa en San Paio de Navia o maior proxecto en marcha en Galicia para a construción de vivendas protexidas, que se poderá materializar pese ás limitacións urbanísticas derivadas da anulación do PXOM de Vigo

## **A XUNTA APOIARÁ CON 60 MILLÓNS A CAPTACIÓN DE INVESTIMENTOS EN INDUSTRIA 4.0 PROMOVIDOS POR GRANDES EMPRESAS**

- *O Goberno galego lanza a primeira convocatoria desta iniciativa, que será a maior aposta da administración autonómica neste eido e prevé xerar investimentos de máis de 150 millóns de euros*
- *Empresas de catro sectores amosaron xa ante a Xunta o seu interese de participar no programa, co que financiaranse proxectos cun orzamento superior aos 20 millóns de euros*
- *O obxectivo é captar investimentos para desenvolver na Comunidade iniciativas sobre a fábrica intelixente e as tecnoloxías que a rodean, achegando apoios de ata o 40%*
- *A actuación busca contribuír á creación de 50.000 empregos industriais e ao incremento do peso da actividade industrial sobre o PIB galego ata o 20%, obxectivos da Axenda da Competitividade Galicia - Industria 4.0*

A Xunta de Galicia destinará 60 millóns de euros ao novo programa de Captación de Investimentos 4.0, que busca atraer capital privado a través de grandes proxectos vinculados ao desenvolvemento da Industria 4.0 en Galicia, e xerar investimentos por máis de 150 millóns, converténdoa na maior aposta do Goberno galego neste eido.

O Consello da Xunta coñecía hoxe que, tras o proceso de consulta ao mercado -similar ao levado a cabo co polo de avións non tripulados de Rozas (Lugo)- empresas de catro sectores manifestaron a súa intención de presentarse ao programa, procedentes de eidos como a enerxía, as TIC, a pedra natural e a automoción. Os proxectos, que deberán ter un orzamento superior aos 20 millóns de euros, estarán centrados na fábrica intelixente, servirán de tractores dentro dos sectores máis destacados da economía galega, e reflectirán un compromiso a longo prazo co desenvolvemento socioeconómico de Galicia. Todas elas serán empresas líderes con proxectos estratéxicos para a renovación industrial da comunidade.

A Xunta apoiará os proxectos con axudas de ata o 40% do custo total, o 75% no caso das medianas empresas. O respaldo dependerá das características da iniciativa e do beneficiario, sendo uns dos criterios de valoración a creación de emprego así como o grao de investimento privado que se execute en paralelo coa axuda pública.

O obxectivo é conseguir, a través do efecto arrastre destes proxectos estratéxicos, a transformación do tecido industrial galego cara un novo modelo innovador a través do cal fixar actividade e emprego de alto valor engadido. Os proxectos estarán enfocados á aplicación da Industria 4.0 no desenvolvemento de novos produtos e procesos, e se levarán a cabo ata o ano 2020. Poderán ser individuais ou en cooperación entre empresas e organismos de investigación, e neste caso os centros de coñecemento

deberán captar un orzamento superior a 10 millóns, ou como mínimo do 10% do importe total do proxecto.

A convocatoria, en concorrència competitiva, publicarase no DOG nos vindeiros días, e as compañías interesadas terán ata o 30 de agosto para presentar os seus proxectos. De forma paralela, a chamada da Xunta ao mercado para que as empresas sigan amosando o seu interese nesta iniciativa se mantén aberta ata 2020.

O programa Captación de Investimentos 4.0 configúrase desta maneira como unha actuación pioneira clave para o impulso do traballo exposto nas grandes follas de ruta económicas de Galicia, como son a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3), a Axenda da Competitividade Galicia - Industria 4.0 e o Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020. Neste sentido, o novo programa da Xunta contribuirá a acadar as principais metas establecidas na Axenda da Competitividade Galicia - Industria 4.0, como a creación de 50.000 novos postos de traballo cualificados e o aumento do peso da actividade industrial do 13,5 ao 20% sobre o PIB galego.

## O PLAN DE MERCADOS EXCELENTES IMPULSARÁ CON 20 MILLÓNS ATA 2020 A CALIDADE E COMPETITIVIDADE DAS PRAZAS GALEGAS

- *Esta folla de ruta recolle 20 actuacións específicas para potenciar estes centros como espazos de emprendemento e de dinamización económica, adaptados aos novos hábitos dos consumidores e vinculados ao territorio*
- *O Plan inclúe unha guía de boas prácticas na que se aposta pola profesionalización da xerencia, para alcanzar a modernización dos mercados; o servizo ao cliente, mellorando a experiencia de compra; e o compromiso dos mercados co medio, co produto local e o consumo responsable*
- *Poténciase o correcto acondicionamento das instalacións, ofrecendo unha imaxe homoxénea e atractiva*
- *Poñeranse en marcha medidas para promover a venda por internet, o envío a domicilio ou o servizo de personal shopper para axudar a escoller o mellor produto*
- *Aproveitaranse sinerxías co turismo, especialmente nas rutas xacobeas, coa creación da marca Mercados no Camiño*
- *Crearase unha plataforma na que se informará sobre os postos vacantes nas prazas, favorecendo así a posta en marcha de novos negocios*
- *O documento establece os requisitos para lograr o distintivo de Mercado Excelente co obxectivo de crear unha rede de cando menos 20 prazas con este selo, que poderán acceder a axudas específicas*

O Plan de mercados excelentes de Galicia 2016-2020 destinará un total de 20 millóns de euros ata 2020 a impulsar a calidade e a competitividade das prazas de abastos galegas, a través dun total de 20 actuacións específicas que permitirán potenciar estas infraestruturas comerciais como espazos de emprendemento e de dinamización económica, adaptados aos novos hábitos dos consumidores e vinculados ao territorio.

Esta nova folla de ruta, en cuxa elaboración participaron tanto as asociacións de comerciantes como os concellos, inclúe ademais unha guía de boas prácticas que debe seguir un mercado para elevar os seus niveis de calidade e alcanzar así a excelencia; ao tempo que establece os requisitos para lograr o distintivo de Mercado Excelente, que permitirá acceder a axudas específicas, incorporando unha ferramenta que permite avaliar aspectos como a arquitectura, a xestión, a atención ao cliente, ou a actividade, entre outros.

Poténciase o correcto acondicionamento do edificio, así como das súas instalacións e accesos, ofrecendo unha imaxe homoxénea e atractiva; unha xestión eficiente e unitaria, para alcanzar a modernización dos mercados; o servizo ao cliente, mellorando a súa experiencia de compra; e a posta en valor do compromiso dos mercados co medio, co produto local e o consumo responsable, apostando pola mellora continua.

Entre os obxectivos do Plan fíxase a incorporación á Rede de mercados excelentes de cando menos 20 prazas de aquí a 2020; incrementar nun 15% a ocupación das prazas, ata superar os 3.300 postos activos; ou aumentar nun 50% o asociacionismo, chegando ata os 45 mercados con estrutura asociativa.

Para iso, entre as diferentes medidas incluídas neste plan, atópanse axudas para modernizar os mercados; para promover a venda por internet, a dixitalización, o envío a domicilio ou o servizo de *personal shopper*, que axuda a escoller o mellor produto, ou para impulsar a xerencia profesionalizada.

O documento busca, ademais de salientar o valor e potencial dos mercados galegos como xeradores de emprego e como eixos da vida económica e social das vilas e cidades, potenciar o seu atractivo turístico. Para iso, entre outras accións, apóstanse por aproveitar sinerxías, especialmente nas diferentes rutas xacobeas, coa creación da marca Mercados no Camiño, e o impulso á atención especializada e accións concretas dirixidas aos peregrinos.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria xa ten avanzadas algunhas das accións previstas e así, os concellos galegos teñen ata o 18 de xuño para presentar as súas solicitudes á convocatoria de axudas para a posta en marcha de Espazos Activos de emprendemento comercial no rural, que estarán localizados principalmente nos mercados. A esta liña de apoios sumarase nas próximas semanas as novas axudas que permitirán realizar investimentos nas prazas de abastos para avanzar nalgúns dos aspectos que se potencian no Plan.

Ademais, entre outras iniciativas, tamén se vén de poñer en marcha a *app* de Prazas e Mercados de Galicia, a través da cal se poden consultar a localización e os horarios de apertura, os servizos dos que dispón cada unha delas, así como acceder a enlaces directos ás webs, perfís nas redes sociais, e á tenda *on line* daqueles mercados que dispoñen dela.

A comunidade conta con 105 mercados e prazas de abastos con preto de 2.800 postos activos e 6.000 traballadores. Co Plan de mercados excelentes dáse un novo pulo á política de apoio a estas infraestruturas impulsada polo Goberno galego, que desde o 2009 leva apoiado investimentos que suman máis de 32 millóns de euros en 89 prazas de abastos, en colaboración tanto cos concellos como coas asociacións de comerciantes.

## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA 76.110 EUROS A RENOVAR A COLABORACIÓN COS CONCELLOS DE MANZANEDA E OROSO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR**

- ***Ao abeiro destes acordos facilitarase o servizo a 101 comensais dos CEIP de Manzaneda e Camiño Inglés (Sigüeiro)***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á renovación da colaboración cos concellos de Manzaneda (Ourense) e Oroso (A Coruña) para a prestación do servizo de comedor escolar. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará un total de 76.110 euros a estes convenios, a través dos que se prestará o servizo a 101 comensais dos CEIP de Manzaneda e Camiño Inglés, respectivamente.

No marco destes acordos de colaboración, a Consellería subvencionará os menús dos comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, os concellos comprométense á contratación da elaboración e servizo dos menús escolares, así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

A sinatura destes convenios é un novo paso na aposta que o departamento de Educación da Xunta de Galicia está a facer en prol do servizo de comedor escolar nos centros educativos, fundamental para a escolarización efectiva do alumnado galego en termos de igualdade e para a conciliación da vida escolar e familiar. Así mesmo, a Consellería reforza o seu apoio aos concellos que decidiron facerse cargo da xestión deste servizo complementario.

Cómpre sinalar, ademais, que a Consellería tamén realiza un apoio específico neste eido ao alumnado con necesidades especiais. De feito, no pasado Consello da Xunta autorizouse a sinatura de convenios con once asociacións e entidades especializadas na atención a persoas con discapacidades co obxectivo de facilitar o servizo de comedor escolar no curso 2016/2017 a máis de 400 alumnos. Dotados cun investimento total superior aos 176.000 euros, os ditos acordos buscan garantir unha atención individualizada, así como dar unha resposta adecuada ás necesidades e particularidades de cada usuario.



## A XUNTA DE GALICIA CONVOCARÁ SUBVENCIÓNS DESTINADAS ÁS FEDERACIÓNS DE ENTIDADES DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS FORMATIVOS DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL

- *A finalidade destas axudas é contribuír á mellora da empregabilidade mediante a adquisición de habilidades e capacidades prelaborais das persoas con discapacidade en idades comprendidas preferentemente entre os 21 e os 35 anos e cun nivel de discapacidade de entre o 33 e o 80%*
- *É a primeira vez que se realiza unha convocatoria a nivel de todas as federacións de entidades de discapacidade, contando como único antecedente a experiencia desenvolvida, para o seu ámbito federativo, pola Confederación Galega de Persoas con discapacidade (COGAMI)*
- *O investimento para o período 2016/2017 supera o millón de euros, un importe cofinanciado polo Fondo Social Europeo no programa operativo de Galicia 2014/2020 e pola Xunta de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións destinadas a confederacións, federacións e ás entidades de iniciativa social, non asociadas nin federadas, sen ánimo de lucro para o desenvolvemento durante os anos 2016 e 2017 de proxectos de asesoramento e formación de persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020.

As persoas con discapacidade son un colectivo que precisa dunha maior protección social para poder lograr a igualdade de trato en todos os ámbitos. Con esta convocatoria búscase facilitar o desenvolvemento das habilidades necesarias para mellorar as súas condicións de empregabilidade. Deste xeito, estas axudas contribuirán a esa mellora mediante a adquisición de habilidades e capacidades prelaborais das persoas con discapacidade en idades comprendidas preferentemente entre os 21 e os 35 anos, e cun nivel de discapacidade de entre o 33 e o 80%. Así mesmo, outro dos obxectivos é impulsar os procesos de integración social e laboral de persoas con discapacidade, implementando accións sociais específicas, complementarias daquelas que se presentan con carácter xeral para a formación e o emprego.

A convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, estará cofinanciada co Fondo Social Europeo, no marco do Programa Operativa de Galicia 2014-2020. Deste xeito, o crédito inicial previsto é de 1.015.158 €, dos que o 80% serán financiados por parte do FSE, e o 20% pola Xunta de Galicia. Estas axudas financiarán a realización de proxectos que se desenvolvan entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de marzo de 2017.

É a primeira vez que se realiza esta convocatoria a nivel de todas as federacións de entidades de discapacidade que conta como único antecedente a experiencia desenvolvida, para o seu ámbito federativo, pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade e, polo tanto, avánzase nesta experiencia grazas á ampliación do ámbito de participación a todas as confederacións, federacións e entidades de iniciativa social, non asociadas nin federadas para a presentación de proxectos dende unha perspectiva plural e participativa, facendo efectivo o dereito á igualdade das persoas con discapacidade. Cómpre destacar que se incentivará a vinculación destes proxectos co medio rural, de xeito que contribúa ao mantemento do asentamento da poboación, así como a unha maior visualización e valoración do entorno no que se vive.

Esta iniciativa inclúese na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 (ESGADI), no marco das competencias aprobadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia o 5 de Novembro de 2015. Particularmente esta actuación se inclúe na liña estratéxica de formación e emprego, e incorpora de maneira transversal a perspectiva de xénero.

Así mesmo, esta actuación atópase aliñada cos eixos sobre empregabilidade e crecemento intelixente e sobre o benestar das persoas e as familias e cohesión social do Plan estratéxico de Galicia 2015/2020.

## **A XUNTA DE GALICIA APROBA A CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS PLURIANUAIS A CORPORACÍONS LOCAIS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E INCLUSIÓN SOCIAL**

- *A orde regula unha nova liña de actuación de investimento en centros de emerxencia social e unidades funcionalmente vinculadas, que contemplará a construción, ampliación, reforma e mellora dos centros, así como a adquisición de inmobles que garden unha relación directa coas actuacións anteriores, entre outras*
- *O investimento para o período 2016/2017 supera os 5 millóns de euros, un importe cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo Fondo Social Europeo no programa operativo de Galicia 2014/2020*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas a desenvolver polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión.

Esta orde regula unha nova liña de actuación de investimento en centros de inclusión e emerxencia social e unidades funcionalmente vinculadas que contemplará a construción, ampliación, reforma e mellora dos centros, así como a adquisición de inmobles que garden unha relación directa coas actuacións anteriores; e a adquisición e instalación de equipamento e moblaxe, así como a adquisición de vehículos de transporte vinculados á prestación dos servizos propios do centro, excluíndose expresamente os vehículos turismos.

No resto de tipoloxías de axudas, a subvención vai dirixida á promoción de actuacións e á formulación e desenvolvemento de programas dirixidos a complementar, ampliar ou innovar actuacións dos servizos sociais das corporacións locais, tanto mediante o impulso da especificidade na atención de persoas pertencentes a diferentes colectivos de alta vulnerabilidade, como mediante o complemento da acción que estes levan a cabo. Deste xeito, subvencionarase o establecemento de políticas destinadas á mellora de emprego e da promoción da inclusión da comunidade xitana, as accións de atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo da poboación inmigrante e das persoas en situación ou en risco de exclusión social.

A Dirección Xeral de Inclusión Social cifra en 5.133.325 euros o investimento para esta convocatoria no período 2016/2017. En concreto, o investimento en centros de inclusión e emerxencia social estará cofinanciado ao 80% con fondos FEDER e as partidas restantes estarán cofinanciadas tamén ao 80% con fondos FSE no programa operativo de Galicia 2014-2020. A vixencia das axudas comprende gastos dende o 1 de novembro de 2015 ata o 31 de marzo de 2017.

Esta convocatoria de subvencións enmárcase na Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020, na que se dá unha énfase especial aos procesos vinculados á inclusión social das persoas usuarias dos servizos sociais das corporacións locais, establecendo unha liña de axudas destinada ao desenvolvemento de accións de capacitación persoal para a mellora da empregabilidade das persoas en situación ou risco de exclusión social ou colectivos de vulnerabilidade extrema, así como ao traballo de acompañamento social e ao apoio preciso para facilitar a participación das persoas destinatarias nos proxectos de inclusión sociolaboral.

As actividades financiadas neste caso terán como obxectivo o apoio ou reforzo ás persoas que, polo distanciamento dos seus vínculos persoais co contorno social ou a súa condición de inmigrante, precisan dun acompañamento técnico que facilite e/ou posibilite a súa inclusión social e laboral e terán por obxecto tanto a adquisición de habilidades e destrezas, como a formación básica e de tipo laboral específica e adaptada ás súas necesidades e a preparación para a avaliación das competencias clave esixibles para o acceso normalizado á formación e cualificación profesional.

## **A XUNTA CONCEDE AXUDAS POR IMPORTE DE 25 MILLÓNS DE EUROS PARA AS INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS QUE SUPOÑEN UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 70 MILLÓNS EN GALICIA**

- *O Consello da Xunta vén de coñecer a previsión das axudas para conceder ás industrias agroalimentarias en 2016 no marco do PDR, autorizando aquelas que superen os 3 millóns de euros*
- *As industrias agrarias teñen un carácter estratéxico en Galicia por ser un elemento clave para o desenvolvemento do sector agrario, así como para a promoción das zonas rurais*

O Consello de Xunta vén de coñecer hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre a previsión das axudas a conceder ás industrias agroalimentarias en 2016 no marco do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, dando o seu visto bo á aprobación de tres axudas que teñen un importe superior aos 3 millóns de euros.

O departamento que dirixe Ángeles Vázquez publicou o pasado mes de decembro no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a orde de axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios do período 2014-2020 cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), cuxo orzamento ascendía a 25 millóns de euros.

Analizadas todas as solicitudes presentadas e unha vez avaliadas pola Comisión de valoración establecida nas bases reguladoras, son 59 as aprobadas cun investimento de 67.718.943 de euros. Do total de solicitudes, tres delas teñen unha axuda superior aos 3 millóns de euros, polo que foi preciso que o Consello da Xunta autorizara a concesión de ditas subvencións, tal e como establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Estas axudas permiten impulsar o tecido agroalimentario da nosa Comunidade, xa que as industrias agrarias teñen un carácter estratéxico en Galicia por ser un elemento clave para o desenvolvemento do sector agrario, así como para a promoción das zonas rurais. Así, as instalacións de transformación e comercialización de produtos agrarios posibilitan a viabilidade das explotacións agrarias, dando valor engadido ás producións e facilitando o seu acceso aos mercados. Por outra banda, foméntase a creación e mantemento de postos de traballo, beneficiando ao tecido económico das zonas rurais.

### **Resumo por sectores**

Destacan pola súa importancia as axudas para conceder a proxectos de investimentos no sector lácteo por un importe de 14,5 millóns de euros, xa que representan preto do 58% do total de axudas.

Nese sector vanse aprobar 28 proxectos cun investimento total subvencionable de 38,3 millóns de euros. Destacan proxectos destinados á elaboración de queixos, soro en po e outros derivados lácteos. Neste caso, dúas das axudas foron superiores aos 3 millóns de euros. Trátase do proxecto presentado por *DAIRYLAC, S.L.*, que pretende diversificar as súas producións elaborando soro e leite en po e especializándose na elaboración de manteiga e queixo, para así acadar un maior valor engadido nas súas producións. E *PROLÁCTEA, S.A.U.*, que ten proxectado instalar unha torre de secado de soro procedente do proceso de elaboración de queixo da fábrica de *Queserías Entrepinares S.A.U.*, coa que está vinculada.

No sector cárnico concederanse axudas por importe de 4,6 millóns de euros a 10 proxectos, cun investimento total subvencionable de 13 millóns de euros. Os investimentos a apoiar diríxense á modernización e melloras tecnolóxicas de matadoiros, salas de despezamento e industrias de elaborados cárnicos. Destacan en particular os investimentos destinados a potenciación de matadoiros de aves, coa creación ademais dun novo matadoiro de aves de produción ecolóxica.

No sector hortofrutícola apoiaranse 7 proxectos cun investimento de 14,7 millóns de euros e unha axuda total de 5,3 millóns de euros. Destaca neste sector o proxecto de *EOLIMIA, S.L.U.* destinado á creación dunha industria de procesado de patacas para obtención de amidón destinado principalmente á industria alimentaria, cuxa axuda supera os 3 millóns de euros.

Ademais dos proxectos dos sectores indicados, aprobaranse axudas a 14 proxectos doutros sectores de actividade, cun investimento subvencionado total de 1,7 millóns de euros. Os proxectos corresponden principalmente á fabricación de pensos, elaboración de mel, procesado de ovos e elaboración de augardente.

## **A XUNTA APROBA O CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS POR UN TOTAL DE 33 MILLÓNS DE EUROS**

- *As brigadas municipais pasarán a formar parte do operativo autonómico realizando actuacións de defensa e extinción, ademais dos traballos de prevención*
- *O Consello da Xunta tamén aprobou o convenio co Ministerio de Defensa que todos os anos firma a Consellería do Medio Rural para reforzar a vixilancia nos montes galegos*

A Xunta aprobou hoxe o convenio marco a subscribir entre a Consellería do Medio Rural e as entidades locais de Galicia en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, cuxo orzamento previsto ascende a preto de 33 millóns de euros para desenvolver nos anos 2016, 2017 e 2018 (a razón de 11 millóns por exercicio).

Coa subscrición deste convenio preténdese reforzar a loita contra os lumes a través dunha serie de actuacións por parte dos concellos. Ademais de formar parte do operativo autonómico realizando actuacións de defensa e extinción, as brigadas deberán realizar traballos de prevención como rozas de xeito manual.

O departamento que dirixe Ángeles Vázquez realizará un ofrecemento expreso a todos e cada un dos concellos de Galicia para adherirse a este convenio. Se as solicitudes presentadas superasen a contía orzamentada, aplicaranse os seguintes criterios de prioridade: entidades locais que conteñan Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI); concellos que estean declarados como zonas de alto risco (ZAR) de incendios forestais e mancomunidades de municipios, pola súa labor conxunta e agrupada, favorecendo a coordinación e xerando sinerxías entre varias entidades municipais.

A diferenza de convocatorias pasadas, nesta ocasión o convenio formalizado terá carácter plurianual, cunha duración de 3 exercicios, o que redundará nunha estabilidade asegurada no servizo que darán as entidades locais. Así, os traballos de prevención poderán realizarse con maior tempo, favorecendo o seu desenvolvemento durante todo o ano. En calquera caso, a xustificación dos gastos imputables ao convenio deberá presentarse anualmente e o pagamento tamén terá natureza anual.

### **Convenio con Defensa**

Na reunión desta mañá tamén foi aprobada a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Defensa para reforzar a vixilancia nos montes galegos, co obxectivo de disuadir e reducir a actividade incendiaria mediante a incorporación de 25 patrullas terrestres e un equipo de mantemento móbil do Exército.

A Consellería do Medio Rural financiará o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración. O orzamento previsto para o recoñecemento, despregamento, actividade operativa e relevos da unidade das Forzas Armadas ascende a un total de 569.057,29 euros.

Con este convenio mellórase a eficacia na prevención, vixilancia e disuasión dos lumes, co que se contribúe a mellorar tamén a seguridade das persoas e os bens, así como a defender a riqueza forestal de Galicia.

Pola súa parte, o Ministerio de Defensa levará a cabo os despregamentos operativos de patrullas terrestres -neste caso un total de 25- durante a campaña de alto risco de incendios forestais en Galicia, compostas por militares sobre vehículo. Este despregamento poderá ser superior se aumenta o esforzo por situacións de risco alto ou moi alto. Por iso, todo o persoal sumarase ao dispositivo de loita contra incendios, que na tempada de alto risco acada os 7.000 efectivos despregados nos montes galegos.



## **O PROGRAMA GALEGO DE DETECCIÓN PRECOZ DO CANCRO DE MAMA ACADOU UNHA TAXA DE PARTICIPACIÓN DO 80,6%**

- *Realizáronse un total de 143.363 exploracións durante o 2015*
- *Do total de mulleres exploradas, tan só un 2,75% foron remitidas a unha unidade de diagnóstico e tratamento para complementar as probas realizadas e obter un diagnóstico definitivo*
- *No ano 2015 completouse a dotación de mamógrafos dixitais para todas as unidades de exploración do programa, coa adquisición de 6 novos mamógrafos dixitais*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou ao Consello da Xunta dos resultados do Programa Galego de Detección Precoz do Cancro de mama da Consellería de Sanidade. O informe destaca que durante o ano 2015 fixéronse un total de 143.363 exploracións a mulleres entre 50 e 69 anos, cunha taxa de participación do 80,6%. Esta participación é amplamente superior aos estándares europeos de calidade, tanto no valor aceptable (70%) como no desexable (75%).

Por provincias, na Coruña a taxa de participación foi do 78,62, en Lugo, do 86,36%, en Ourense, do 79,24% e en Pontevedra, do 81,96%. Polo tanto, nas catro provincias acadáronse os obxectivos de participación do programa.

Na gran maioría das exploracións o resultado da mamografía foi a ausencia de lesións sospeitosas, tan só un 2,75% das mulleres exploradas no 2015 (3.941 mulleres), foron remitidas a unha unidade de diagnóstico e tratamento para complementar as probas realizadas e obter un diagnóstico definitivo.

### **Instalación de novo equipamento e estrutura do programa**

No ano 2015 completouse a dotación de mamógrafos dixitais para todas as unidades de exploración do programa, coa adquisición de 6 novos mamógrafos dixitais xa instalados e en funcionamento, agás o da unidade de Pontevedra que se instalará en xullo unha vez rematadas as obras de acondicionamento no centro de saúde de A Parda desta cidade, onde se trasladará a unidade.

A estrutura asistencial do programa está formada polas unidades de exploración, que é onde se realiza a proba mamográfica ás mulleres entre 50 e 69 anos; polas unidades de avaliación radiolóxica, que é onde está centralizada a lectura das mamografías; e polas unidades de diagnóstico e tratamento, que están integradas polos servizos de radioloxía, cirurxía e/ou xinecoloxía dos hospitais públicos galegos.

A lectura das mamografías está centralizada nas unidades de avaliación radiolóxica, formadas por radiólogos que pertencen aos servizos de radioloxía dos complexos

hospitalarios da Coruña, Pontevedra e Lugo. A calidade da avaliación radiolóxica está garantida pola experiencia dos radiólogos na lectura de mamografías de cribado, pola súa formación continuada e polo feito de que as mamografías de cada muller son lidas por dous radiólogos de xeito independente, co que se asegura a máis correcta interpretación das imaxes radiolóxicas.

No que atinxe ás unidades de diagnóstico e tratamento, todas elas contan cun comité de mama no que participan especialistas das diferentes áreas, radiólogos, xinecólogos, cirurxiáns, oncólogos e patólogos, entre outros. A elas son derivadas as mulleres que necesitan unha valoración clínica adicional para o seu diagnóstico definitivo e, se é preciso, para o seu tratamento.

O cribado realízase cada dous anos a todas as mulleres entre 50 e 69 anos e para ser citadas reciben no seu domicilio con 15 ou 20 días de antelación unha carta personalizada, na que se inclúe o lugar, data e hora na que se ten prevista a súa exploración. Isto garante a axilidade na prestación do servizo, evitando esperas innecesarias. Así mesmo, existe un teléfono de atención ás usuarias (981 14 14 14) onde poden xestionar os cambios de cita cando o precisen. Deste xeito, e coa posta en marcha das unidades fixas nos hospitais comarcais, poden adaptar a súa cita previa de acordo coas súas preferencias ou necesidades ao non ter que restrinxir as posibilidades de atención aos días concretos que fixe a unidade móbil. En todo caso, se a muller non acode ao primeiro chamamento, envíase unha nova citación.

## **O SERGAS DESTINA 2,8 MILLÓNS DE EUROS Á MELLORA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE TERRESTRE CON MÁIS AMBULANCIAS E AMPLIACIÓN DE HORAS DE SERVIZO**

- *O Consello da Xunta vén de autorizar a modificar os contratos para incluír estas melloras, que entrarán en vigor o vindeiro mes de xullo*
- *Supón o incremento de cinco novas ambulancias en A Coruña, Rianxo, Ourense, Vilagarcía e Tomiño; e ampliación do horario en Marín, Baiona e Vigo*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a modificación dos contratos para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre cun orzamento total de 2.805.767,86 euros para catro anos. O Servizo Galego de Saúde considera que esta modificación, que entrará en vigor en xullo de 2016, mellora a atención sanitaria urxente tanto no número de vehículos dispoñibles como no horario de prestación activa do servizo.

En concreto, suporá o incremento de cinco ambulancias asistenciais de soporte vital básico de 12 horas nas cidades A Coruña, Rianxo, Ourense, Vilagarcía e Tomiño; e tamén o incremento do horario das ambulancias asistenciais de soporte vital básico en Marín, Baiona e Vigo.

Isto permitirá a mellora da cobertura de asistencia e transporte sanitario urxente terrestre ofrecida na totalidade do territorio galego, con mellores tempos de resposta ante unha emerxencia sanitaria e do índice de ocupación dos recursos existentes.

O incremento no número de ambulancias tamén supón garantir o servizo que se vén prestando nas mesmas condicións de igualdade e equidade á poboación galega e increméntase o tempo de presenza activa.